



MEMORIA DE CALIDADE

FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

Curso Académico: 2016/2017

1.	INTRODUCCIÓN.....	1
1.2.	Estrutura da Facultade de Relacións Laborais.....	1
1.2.1.	<i>Títulos impartidos no Centro.....</i>	<i>1</i>
1.2.2.	<i>Documentación de referencia</i>	<i>1</i>
1.2.3.	<i>Comisión de Garantía de Calidade no SGIC do Centro</i>	<i>3</i>
2.	SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE.....	5
2.1	Actuacións máis relevantes	6
2.2	Análise dos Indicadores do SGIC	6
2.2.	Plan de melloras do Centro.....	10
2.2.1.	<i>Revisión do Plan de melloras do curso académico obxecto da análise.....</i>	<i>10</i>
2.2.2.	<i>Plan de melloras do Centro para o curso seguinte.....</i>	<i>12</i>
	Anexo I. Informes de seguimento dos títulos impartidos no Centro.....	15

1. INTRODUCCIÓN

Tal e como consta no Compromiso asinado en 2016 pola Decana, a Facultade de Relacións Laborais é consciente da importancia que ten a Calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia nese ámbito. A Facultade pretende ser recoñecida no contexto universitario e social pola evidencia de que a formación dos seus estudantes adecúase ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador. Procura aínda asegurar as mellores condicións de desenvolvemento profesional ao seu persoal docente, investigador e de servizos, todo elo cumprindo coa obrigatoriedade ética dunha rigorosa rendición de contas da inversión e xestión dos seus recursos.

Esta Memoria de Calidade para contribuír a dar resposta ao compromiso adquirido, sintetiza a información relativa ao SGIC, ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao Plan de Melloras do mesmo, incluíndo as accións de mellora (AM) derivadas do seguimento dos títulos (revisión das AM do curso 2016/2017 e as novas propostas para o 2017/2018).

Este documento foi aprobado pola Comisión de Calidade (CCC) con data 21 de maio de 2018 e ratificado pola Xunta de Facultade o 23 de maio de 2018¹.

1.2. Estrutura da Facultade de Relacións Laborais

1.2.1. *Títulos impartidos no Centro*

Os Títulos impartidos na Facultade durante o curso 2016-2017 foron:

- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos²
- Máster en Xestión e Dirección Laboral.

1.2.2. *Documentación de referencia*

É necesario sinalar que os Informes de Seguimento (Anexo I) que se achegan a esta Memoria de Calidade corresponden ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, ao Máster en Xestión e Dirección Laboral, engadíndose o do Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención social o cal, aínda que comezou a impartirse na Facultade durante o actual curso 2017/2018, será obxecto de accións de mellora a desenvolver no Centro durante este mesmo curso.

¹ A Xunta de Facultade acordou por unanimidade habilitar á Comisión de Calidade para aprobar os informes de Calidade, con carácter previo á súa ratificación no seo da Xunta.

² Se ben non se trata dun título *sensu stricto*, os indicadores e informes deste alumnado non se integran cos do alumnado do Grao, constituíndo, por tanto, un colectivo específico dentro da Facultade.

Reunións da CCC durante o curso 2016/2017:

26 de setembro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior
2. Determinación de Accións vinculadas coa Verificación do Título.
3. Normativa TFG/TFM.
4. Rogos e preguntas

10 de outubro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior
2. Composición Comité Consultivo Externo.
3. Accións vinculadas coa acción de Mellora das Prácticas Profesionais: catálogo de competencias e tarefas.
4. Accións vinculadas coa acción de Mellora do taller TFG/TFM.
5. Informe normalizado de prácticas externas (titores académicos): informe de rúbricas.
6. Rogos e Preguntas

19 de outubro de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

Punto único. Aprobación da Versión 5 do Manual Simplificado de Procedementos de Calidade

5 de decembro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior
2. Accións de Mellora.: avaliación
3. Informe para a acreditación.
4. Rogos e preguntas

12 de decembro de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

Punto único. Aprobación da Versión 5 do Manual Simplificado de Procedementos de Calidade.

19 de decembro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
2. Accións vinculadas coa acción de Mellora das Prácticas Profesionais: catálogo de competencias e tarefas.
3. Accións vinculadas coa acción de Mellora das enquisas de egresados: borrador da enquisa.
4. Accións vinculadas coa acción de Mellora da Clarificación de comisión: mapa actualizado.
5. Accións vinculadas coa acción de Mellora do Plan Estratéxico: liñas xerais.
6. Rogos e Preguntas.

12 de xaneiro de 2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

Punto único. Verificación Tarefas para o Informe de Seguimento

16 de xaneiro de 2017. ADDENDA: Revisión final e envío documentación anterior

31 de xaneiro de 2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

Punto único. Informe de Seguimento Máster

15 de marzo de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Memoria de Calidade.
3. Rogos e Preguntas.

30 de marzo de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Accións de Mellora 2016/2017.
3. Rogos e Preguntas

7 de abril de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Accións de Mellora 2016/2017. Modificación de estado de Acción de Mellora 2015/2016.
3. Rogos e Preguntas.

11 de maio de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe provisional de Avaliación. Estudo de alegacións.
3. Rogos e Preguntas

24 de maio de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Alegacións ao Informe provisional de Avaliación.
3. Rogos e Preguntas

10 de xullo de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:


1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se procede, dos Programas das materias para o curso 2017/2018.
3. Rogos e Preguntas.

1.2.3. Comisión de Garantía de Calidade no SGIC do Centro

MEMBROS DA CCC (2016/2017)³

- Decana da Facultade (Presidente)
- Vicedecano da Facultade
- Secretaria da Facultade
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador de Calidade do Centro
- Coordinador do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Coordinadora do Máster de Xestión e Dirección Laboral
- Responsable da Unidade de Apoio a Xestión a Centros e Departamentos da Facultade.
- Dous estudantes, membros da Xunta de Facultade

GRÁFICO 1. DINÁMICA DA XESTIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS



³ Dende o curso 2017/2018, tamén forma parte da CCC o Coordinador do Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención social.

A revisión dos procesos e procedementos do SGIC basease na colaboración dos representantes de tódolos grupos de interese externos á institución (círculo exterior do gráfico), e pertencentes a ela (círculo intermedio). Pola súa parte as comisións encadradas en verde no círculo interior, son as que a través do seu desempeño e, no seu caso, dos Informes respectivos, alimentan á Comisión de Calidade (representada na figura central). Esta última integra a actividade dos elementos anteriormente referidos (cuxas interrelacións se representan con dobres frechas), elaborando e aprobando a proposta de modificación e mellora dos procesos e procedementos do SGIC.

O funcionamento da estrutura, esquematizado no gráfico, é o que garante, a través da continua planificación e avaliación desa mesma estrutura, do proceso e dos resultados, a materialización dunha cultura de calidade xa asumida pola Facultade de Relacións Laborais.

2. SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

O primeiro SGIC marco foi aprobado pola USC en decembro de 2009, e en maio de 2010 a entón Escola de Relacións Laborais, presentou a súa proposta de deseño do SGIC, cuxa valoración positiva pola Comisión de Avaliación, foi ratificada pola *Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)* o 10 de maio de 2011. A documentación de referencia utilizada foi o “Manual de Xestión Interna de Calidade” que define as características xerais do sistema e o “Manual de Procesos e Procedementos”.

A Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, aprobou na sesión de 31 de maio de 2013 unha revisión do SGIC marco, que levou á modificación do homónimo do Centro, aprobada en Xunta de Facultade o 13 de decembro de 2013. Deste xeito, simplificouse a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao Manual de procesos e procedementos marco da USC, tamén se definiu a política de calidade do centro, vixente na actualidade.

O 3 de outubro de 2014 a Comisión de Calidade e Planificación aprobou os cambios introducidos no Manual Simplificado do SGIC, froito da revisión do sistema, estes cambios afectan ao apartado 5 (Indicadores). En consecuencia, nos cursos académicos 2015/2016 e 2016/2017 efectuáronse sucesivas revisións do Manual Simplificado, que deron como resultado as versións 4, 5 e 6 do Manual Simplificado do SGIC. Ditas modificacións foron debidamente informadas nas Xuntas de Facultade do 03/03/2016; 21/10/2016 e 22/12/2016, respectivamente.

A aprobación pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 23/02/2018 do Sistema de Garantía de Calidade actualizado, determina a necesaria adaptación dese sistema no nivel dos centros. En consecuencia, a versión 7 do Manual do SGIC da Facultade de Relacións Laborais, coas correspondentes alteracións debidas á nova titulación de Máster impartida a partir do curso 2017/2018, será iniciada cando se concreten as especificacións da nova versión do SGIC para o noso Centro.

2.1 Actuacións máis relevantes

Os principais asuntos tratados nas 15 sesións da CCC celebradas durante o curso 2016/2017, estiveron relacionados coa renovación da acreditación do Título de Grao e, consecuentemente co Autoinforme de Seguimento para a renovación da devandita acreditación, coa verificación das AM, coa aprobación das sucesivas versións do Manual simplificado do SGIC, coa adaptación dos procedementos da Facultade á nova normativa dos TFG, coa elaboración dun modelo normalizado de Memoria de Prácticas externas e, por último, coa elaboración da Memoria de Calidade do curso precedente.

2.2 Análise dos Indicadores do SGIC

A elaboración automatizada destes indicadores é proporcionada aos respectivos centros pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC, non incluíndo no caso da Facultade de Relacións Laborais os relativos ao xa mencionado Dobre itinerario. Nas táboas presentadas a seguir, inclúense os resultados dese Dobre itinerario polo seu importante impacto na análise da calidade do Centro.

Criterio 1: Organización e desenvolvemento

O aumento de número de prazas ofertadas no curso 2015/2016 co inicio do Dobre Grao (de 130 a 140), consolidouse no curso analizado nesta Memoria. Obsérvase unha discreta pero sostida diminución do total de matriculados no Grao, que probablemente sexa debida ao progresivo esgotamento do número de estudantes do Curso Ponte. En canto ao novo ingreso, a situación é a contraria, excedendo notablemente a matrícula no Grao (34,4%) o número de prazas ofertadas. Esta marxe de variabilidade pode explicar, tanto o descenso experimentado pola porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis, coa lóxica repercusión negativa nos resultados da aprendizaxe, como o aumento na taxa de abandono. Esta hipótese confírmase ao constatar a importante caída na taxa de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas, é dicir, que a “sobrematrícula” é en gran parte a costa de estudantes previamente excluídos/-as doutras titulacións . A eventual aplicación dunha AM neste ámbito, supéditase ao axuste da mencionada marxe entre o número de prazas ofertadas e a matrícula de acceso.

A análise da xestión da mobilidade confirma a estabilidade dos resultados en valores baixos. Xa foi comentado noutros documentos a dificultade para mellorar os datos, por cuestións de carácter estrutural. En calquera caso, a AM prevista con ese obxectivo e que non puido ser realizada no curso 2016/2017 será aplicada tan pronto se dea a condición necesaria para elo (dispoñibilidade dun estudante participante en programas de mobilidade para divulgar a súa experiencia).

CRITERIO	CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2014/15	2015/16	2016/17
1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	IN01C-PC-05-Prazas ofertadas	Grao	100	90	90
		Dobre Grao	-	20	20
		Máster	30	30	30
	IN02C-PC-05-Matricula	Grao	597	571	535
		Dobre Grao	-	21	37
		Máster	50	38	40
	IN03C-PC-05-Matricula de acceso	Grao	145	121	121
		Dobre Grao	-	21	19
		Máster	27	19	18
	IN04C-PC-05-Matricula de novo ingreso por preinscrición	Grao	107	98	109
		Dobre Grao	-	21	19
		Máster	27	19	18
	IN05C-PC-05-Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	Grao	0,00	-8,41	11,22
		Dobre Grao	-	-	-9,52
		Máster	-15,63	-29,63	-5,26
	IN06C-PC-05-Nota media de acceso por preinscrición	Grao	6,69	6,50	6,56
		Dobre Grao	-	10,49	10,97
		Máster	7,09	6,83	7,19
	IN07C-PC-05-Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Grao	74,29	64,89	55,14
		Dobre Grao	-	100,00	100,00
		Máster	100,00	84,62	100,00
	IN08C-PC-05-Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	Grao	1,34	1,05	0,93
		Dobre Grao	-	-	-
		Máster	2,00	2,63	10,00
	IN09C-PC-05-Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Grao	1,17	1,93	1,12
		Dobre Grao	-	-	-
		Máster	22,00	10,53	2,50
	IN10C-PC-05-Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	Grao	73,00	77,78	61,11
		Dobre Grao	-	100,00	95,00
		Máster	-	-	-
IN12C-PC-05-Taxa de ocupación	Grao	107,00	108,89	121,11	
	Dobre Grao	-	105,00	95,00	
	Máster	90,00	63,33	60,00	
IN14C-PC-05-Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	Total Centro	0,63	0,38	0,65	
IN17C-PC-08-Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Grao	0,84	1,40	0,93	
	Dobre Grao	-	-	-	
	Máster	0,00	0,00	0,00	
IN18C-PC-08-Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Grao	1,01	2,10	1,50	
	Dobre Grao	-	-	-	
	Máster	0,00	0,00	0,00	
IN22C-PC-09-Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Grao	61,73	58,00	58,76	
	Dobre Grao	-	-	-	
	Máster	95,65	100,00	94,12	

Criterio 2: Información e transparencia

O Informe de indicadores facilitado pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos, non inclúe ningún asociado a este criterio. Relacionado con el, a páxina web da Facultade de Relacións Laborais ofrece información exhaustiva e actualizada a calquera persoa interesada. Esta última non so presenta os contidos propios das titulacións impartidas (obxectivos, plan de estudos, estrutura, horarios, etc.), senón tamén outros sobre cursos, bolsas, saídas profesionais. Preténdese que este sitio web sexa unha canle fluída e amigable para todos os grupos de interese. O informe da enquisa de satisfacción dos egresados do Grao reflicte a satisfacción dos mesmos coa idoneidade dos medios

da Facultade para obter información, acadando este ítem unha das mellores puntuacións: 4,07 (para un máximo de 5,0) fronte ao 3,18 da USC.

Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade

Aínda que non está dispoñible para o valor do único indicador asociado a este criterio para o curso 2016/2017, é previsible que se manteña a estabilidade dos cursos precedentes.

CRITERIO	CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2014/15	2015/16	2016/17
3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE	IN16C-PC-08-Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	Grao	4,00	4,00	-

Criterio 4: Recursos humanos

En xeneral, os resultados dos indicadores asociados a este criterio mantéñense estables na comparación intercurso, excepción feita do descenso na porcentaxe de persoal docente investigador con sexenios sobre o total do PDI. Esta estabilidade, no caso do profesorado correspóndese cuns valores sistematicamente máis baixos que a media da USC. É necesario sinalar que se trata de datos agregados e que, como é lóxico, as *ratios* estudantes/ docentes diminúen ao progresar dende o primeiro curso.

CRITERIO	CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2014/15	2015/16	2016/17
4. RECURSOS HUMANOS	IN24C-PS-01-Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	Grao	47,06	76,32	71,79
		Máster	53,33	70,00	70,00
	IN25C-PS-01-Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	Grao	66,18	69,09	67,74
		Máster	66,67	64,29	68,75
	IN26C-PS-01-Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	Grao	47,06	43,64	41,94
		Máster	60,00	57,14	50,00
	IN30C-PS-01-Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	Grao	10,29	54,02	-
		Máster	3,85	2,92	-
	IN31C-PS-01-Media de alumnos por grupo de teoría [inclúe o Dobre Grao]	Grao	54,79	54,86	52,80
		Máster	26,92	20,40	19,20
IN32C-PS-01-Media de alumnos por grupo de docencia interactiva [inclúe o Dobre Grao]	Grao	29,40	31,39	31,05	
	Máster	28,53	21,35	20,24	
IN49C-PS-01-Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	Total Centro	4,00	3,67	3,37	

Criterio 5: Recursos materiais

A información relacionada con este criterio (aulas, espazos e recursos informáticos a disposición dos estudantes), pódese consultar nos respectivos Informes de Seguimento (Anexo I).

Criterio 6: Resultados da aprendizaxe

Como ocorría no criterio 4, os indicadores asociados a este reflicten unha estabilidade na evolución, tamén con valores por debaixo da media da USC. Esta circunstancia no caso da taxa de rendemento do Grao relaciónase, como xa foi dito, coa importante “sobrematriculación” observada respecto ao número de prazas ofertadas na matrícula de acceso, posiblemente relacionada coa baixa porcentaxe de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas. Este efecto resulta aínda máis patente se consideramos que as taxas de rendemento máis baixas corresponden ao primeiro curso.

CRITERIO	CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2014/15	2015/16	2016/17
6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE	IN34C-S01-PM-01-Taxa de rendemento	Grao	69,31	70,61	69,00
		Dobre Grao	-	85,48	80,90
		Máster	90,57	83,33	89,76
	IN35C-S01-PM-01-Taxa de éxito	Grao	82,99	82,95	81,31
		Dobre Grao	-	92,17	89,44
		Máster	99,63	100,00	99,47
	IN36C-S01-PM-01-Taxa de avaliación	Grao	83,51	85,13	84,86
		Dobre Grao	-	92,74	90,45
		Máster	90,91	83,33	90,24

Criterio 7: Indicadores de satisfacción e rendemento

As taxas de graduación no Grao evolucionan favorablemente e, no caso do Máster, co obxectivo de corrixir a desfavorable evolución, vaise realizar unha AM relacionada coa identificación dos factores que determinan a demora na presentación dos TFM. Destacar a elevada taxa de éxito dos egresados do Máster, que mantívose moi próxima ao 100,0% nos dous últimos cursos.

CRITERIO	CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2014/15	2015/16	2016/17
7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO	IN16C-PC-08-Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade [xa visto Criterio 3.]	Grao	4,00	4,00	-
	IN37C-S01-PM-01-Taxa de graduación	Grao	37,61	51,65	53,85
		Máster	55,17	74,07	57,89
	IN38C-S01-PM-01-Duración media dos estudos	Grao	4,87	5,13	5,25
		Máster	1,33	1,56	1,81
	IN39C-S01-PM-01-Eficiencia dos titulados	Grao	89,69	-	-
		Máster	96,77	-	-
	IN40C-S01-PM-01-Taxa de abandono durante o primeiro curso	Grao	15,38	18,09	21,51
	IN41C-S01-PM-01-Taxa de abandono RD 1393/2007	Grao	28,44	19,78	21,98
		Máster	10,34	0,00	10,53
	IN49C-PS-01-Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido [xa visto Criterio 4.]	Total Centro	4,00	3,67	3,37
	IN50C-S01-PM-01-Taxa de éxito dos egresados	Máster	-	99,69	99,69
	IN53C-S01-PM-01-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	Grao	-	88,01	83,52
Máster		-	94,40	92,22	

2.2. Plan de melloras do Centro

2.2.1. Revisión do Plan de melloras do curso académico obxecto da análise

PLAN DE MELLORAS DO CENTRO REMATADAS NO PERIODO ACADÉMICO 2016/2018 (Táboa resumo)							
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN	REMATADA	
GrRL-AM-4	Propostas de Mellora	Mellora da Programación das Prácticas Profesionais	Executada	Decana	29/12/2017	Si	
GrRL-AM-5	Propostas de Mellora	Traballo en Grupos Interactivos Interculturais. Proxecto internacional en inglés,	Executada	Decana	31/05/2017	Si	
GrRL-AM-6	Informe de Seguimento	Realización de sesións de sensibilización dirixidas ao alumnado, baseadas na importancia da súa implicación na dinámica da comunidade universitaria e do resultado desas enquisas.	Non executada e eliminada	Decana	29/12/2017	Si	
GrRL-AM-8	Informe de Seguimento	Reestruturación do Dobre Itinerario	Executada	Decana	31/05/2017	Si	
GrRL-AM-10	Plan de Melloras da Acreditación	Elaboración dunha táboa na que se obxectivice a carga de traballo non presencial do alumnado, co fin de compatibilizar esta entre as diferentes materias de cada curso, utilizando como instrumento a aula virtual de coordinación do grao.	Executada	Coordinadora do Grao	31/10/2017	Si	
GrRL-AM-11	Plan de Melloras da Acreditación	Promover el contacto entre los coordinadores de materias afíns coa finalidade de eliminar os solapamentos e colmatar as lagoas que eventualmente puideran existir no conxunto dos programas revisados, utilizando como instrumento a aula virtual de coordinación do grao.	Executada	Coordinadora do Grao	31/10/2017	Si	
GrRL-AM-12	Plan de Melloras da Acreditación	No curso 2015-2016 realizouse una enquisa piloto sobre a satisfacción dos diferentes colectivos, onde se contemplaban cuestións xerais relativas aos servizos, infraestruturas, etc. , dos títulos e centros onde se imparten. No curso 2016-2017 farase extensiva a todas as titulacións do grao e máster da USC, polo que poderá empregarse esta información para avaliar a calidade dos títulos do centro nestes aspectos.	Executada	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	31/10/2017	Si	
GrRL-AM-13 e MXDL-AM-5	Plan de Melloras da Acreditación	Programa Docencia. Unha vez aprobado o procedemento para a avaliación docente polos órganos competentes, difundir a convocatoria entre o persoal docente do título e fomentar a participación na mesma.	Non executada e eliminada	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	31/12/2017	Si	
GrRL-AM-14	Plan de Melloras da Acreditación	Procederese a un seguimento anual das diferenzas nas taxas de éxito das materias homónimas nun e noutro centro e en aqueles casos nos que a diferenza supere a medias das diferenzas, convocarase unha reunión intercentros con asistencia dos docentes implicados para analizar os posibles determinantes.	Executada	Decana	15/12/2017 e 23/03/2018	Si	

GrRL-AM-15	Plan de Melloras da Acreditación	Procura de novas oportunidades de mobilidade prestando especial atención a centros con dobre titulación.	Executada	Decana	29/12/2017	Si
GrRL-AM-16	Plan de Melloras da Acreditación	Realización dun Taller de oratoria e habilidades de comunicación	Executada	Decana	31/03/2017	Si
GrRL-AM-1	Plan de Melloras da Acreditación	Co obxectivo de publicitar e dinamizar o Programa de Alumnos Tutores, a dirección do centro organizará charlas informativas ó comezo do curso académico para explicar pormenorizadamente a todo ao alumnado en que consiste o programa. Ademais os alumnos tutores poranse en contacto periodicamente co estudiantado de cada curso para coñecer e intentar dar resposta ás súas demandas.	Executada	Responsable do programa alumnos/-as tutores	12/09/2017	Si
MXDL-AM-1	Plan de Melloras da Acreditación	Instar aos docentes que imparten as mesmas materias nas tres sedes, a que unifiquen criterios en canto aos programas e sistemas de avaliación, de acordo co recollido na MVT e sempre tendo en conta as singularidades e normativa de cada universidade.	Executada	Coordinadores do Máster nas tres universidades Comisión Interuniversitaria do Máster	31/07/2017	Si
MXDL-AM-2	Plan de Melloras da Acreditación	Difusión para fomentar a cultura da calidade e participación dos grupos de interese dos tres centros implicados nas enquisas de satisfacción.	Executada	Vicedecano	30/11/2016	Si
MXDL-AM-3	Plan de Melloras da Acreditación	Implantar de forma sistemática en tódolos cursos académicos un Taller sobre realización de TFM.	Executada	Coordinadores do Máster nas tres sedes	31/01/2017	Si
MXDL-AM-6	Plan de Melloras da Acreditación	Manter contactos cos empregadores e recoller de forma sistemática opinións e datos de empregabilidade dos egresados.	Executada	Responsable de Calidade do Centro	30/11/2017	Si
PM-C-AM-3	Plan de Melloras do Centro	Adecuación de Espazos para investigación	Executada	Decana	30/11/2016	Si
PM-C-AM-4	Plan de Melloras do Centro	Visibilización da saída investigadora para o alumnado	Executada	Decana	26/04/2016	Si
PM-C-AM-9	Plan de Melloras do Centro	Peche de actas	Executada	Decana	31/07/2017	Si
PM-C-AM-14	Plan de Melloras do Centro	Material Informático para préstamo do alumnado	Executada	Decana	31/12/2016	Si

2.2.2. Plan de melloras do Centro para o curso seguinte

PLAN DE MELLORAS DO CENTRO DE ANOS ANTERIORES EN PROCESO DE EXECUCIÓN (Táboa resumo)						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN	REMATADA
GrRL-AM-1	Informe de Seguimento	Predefinición e monitorización continua, con periodicidade prefixada, das tarefas encomendadas/realizadas polo alumnado. Creación dun modelo de cuestionario final a cubrir polos tres actores implicados.	En proceso de execución	Decana, Vicedecano e Coordinador das Prácticas en empresa	31/12/2018	Non
GrRL-AM-9	Informe de Seguimento	Creación da figura do estudante con experiencia en programas de mobilidade	En proceso de execución	Decana	31/12/2018	Non
GrRL-AM-2	Plan de Melloras da Acreditación	Elaboración de prácticas de Xustiza Laboral (simulación de xuízos). Trátase de facer simulacións de xuízos de Xustiza Laboral e Social. Para iso habilitarase un aula e contarase coa colaboración de xuíces e profesionais	En proceso de execución	Coordinador das Prácticas en empresa	31/05/2018	Non
GrRL-AM-3	Plan de Melloras da Acreditación	Realización dun Assesment Center de Desenvolvemento. Esta técnica permite, por unha banda, avaliar diferentes competencias transversais demandadas no mercado laboral e, por outra, é unha técnica que se utiliza na xestión dos recursos humanos para propósitos de selección de persoal e desenvolvemento de carreiras. Ambos aspectos forman parte do contido de diferentes materias do título.	En proceso de execución	Decana	31/05/2018	Non
MXDL-AM-4	Plan de Melloras da Acreditación	Clarificar a información que se lles proporciona aos estudantes con respecto ao obxectivo, condicións e organización das prácticas de modo que as súas expectativas sobre as mesmas se adecúen á realidade. Realización de enquisas específicas a estudantes e empresas sobre a opinión e satisfacción coas prácticas co obxecto de introducir melloras e corrigir o desaxuste detectado.	En proceso de execución	Comisión interuniversitaria do Máster	31/07/2017	Non
MPTO-AM-1	Plan de Melloras da Acreditación	A acción de mellora abordará catro aspectos: 1. Oferta das materias establecidas no plan de estudos vixente relacionadas co itinerario de Intervención Social: -P3291212 Psicología Social dos Problemas Sociais -P3291213 Estratexias e técnicas de intervención e comunicación social -P3291214 Intervención social e xénero -P3291215 Intervención social en violencia e crise 2. Elaboración dunha proposta de modificación da oferta vinculada ao itinerario de Intervención Social. Levará a modificación da Comisión	En proceso de execución	Coordinador do Máster e Comisión nomeada pola Comisión académica	31/12/2018	Non

		Académica do máster para que a súa composición represente adecuadamente todas as áreas de coñecemento que imparten docencia no título. 3. Corrixir os desaxustes na MVT sinalados pola comisión avaliadora a través dunha modificación, segundo o procedemento legalmente establecido, no marco do acordo adoptado polo consello de goberno do 7 de xuño de 2016.				
PM-C-AM-1	Plan de Melloras do Centro	Aprobación do Plan Estratégico da Facultade	Pendente de execución	Decana	31/12/2018	Non

As AM números 2 a 6, correspondentes ao Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención social (MPTO, ver Informe de Seguimento do Máster no Anexo I), foron eliminadas do Plan de Melloras da Facultade de Relacións Laborais, por non ser esta a de referencia para elas, senón a Facultade de Psicoloxía na que o referido Máster se impartía anteriormente.

PLAN DE MELLORAS DO CENTRO PARA O CURSO 2017/2018 (Táboa resumo)

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN	REMATADA
GrRL AM-4	Informe de Seguimento	Identificación das discrepancias entre a formación práctica impartida e as necesidades do mercado laboral percibidas polos egresados/-as.	Pendente execución	Decana	31/07/2018	Non
MXDL-AM-7	Informe de Seguimento	Realizar unha enquisa ao alumnado para analizar as causas da baixa taxa de defensa dos TFM	Pendente execución	Coordinadora do Máster da USC	31/12/2018	Non



FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

MEMORIA DE CALIDADE
Facultade de Relacións
Laborais

Código: F03-PM-01
Versión: 01
Data: maio 2018
Páxina 15 de 16

Anexo I. Informes de seguimento dos títulos impartidos no Centro